**Para hipotecadas**

# A división real non é entre inquilinas e propietarias, senón entre quen necesita unha casa para vivir e quen especula

11



# FÍO DO RELATO

Suba de tipos de interese y perda de poder adquisitivo do salario

↓

Risco de inestabilidade familiar e dificultade de emancipación para fillas e fillos

↓

Especulación de fondos e institucións financeiras sobre o parque de vivenda

↓

Deterioro da comunidade e perda de soberanía popular nos barrios

↓

**Organización e resposta colectiva**

familias. Hoxe moitas familias están a avalar económicamente ás súas fllas e fillos para que podan acceder a un teito, poñendo en risco a súa propia seguridade económica. Ter unha casa onde vivir e planificar o futuro non debería poñer en xaque a economía familiar nin o benestar de ningunha xeración.

## O 11N PARAMOS

Unha folga xeral é a ferramenta para ir máis aló dos da folga de alugueiros. Permite participar a quen ten hipoteca, a quen viven de alugueiro e quen xa pagou a súa casa, unindo a nosa forza colectiva para presionar e defender os nosos barrios. Se a vivenda é un problema que nos afecta a todas no día a día, necesitamos unha resposta que implique a toda a sociedade.

Podes apoiar de distintos xeitos: participando na xornada, difundindo as reivindicacións ou sumándote ás iniciativas vecinais. **Podemos deixar un cartel para poñer no portal? Queres que te informemos de cando será o vindeiro comité de Folga no barrio?**

## A DIVISIÓN REAL NON É ENTRE INQUILINAS E PROPIETARIAS, SENÓN ENTRE QUEN NECESITA UNHA CASA PARA VIVIR E QUEN ESPECULA

A verdadeira diferenza non é se estás de alugueiro ou pagando unha hipoteca, senón se necesitas unha casa para vivir ou a usas para especular. QUen ten unha hipoteca comparte coa inquilina o esmo problema: un modelo que fai do dereito a teito un negocio lucrativo. Hoxe é a veciña que aluga á que expulsan; mañá pode ser unha mesma ou os seus hillos se cambia a situación laboral ou suben as cotas. **Como ves a situación no barrio coa suba dos prezos?**

## A HIPOTECA, COMA O ALUGUEIRO SAE DO NOSO TRABALLO E COME O NOSO SALARIO

Pagar unha hipoteca é destinar durante décadas unha parte enorme do noso soldo a un banco. Coas subas de tipos de interese, moitas familias ven como a cota sube centos de euros ao mes sen que os salarios medren igual. O resultado é o mesmo que no alugueiro: perdemos capacidade adquisitiva mentres os beneficios bancarios non paran de medrar. Tanto ten que sexa alugueiro ou hipoteca; en ambos os dous casos trátase dun esforzo enorme que vai parar a mans de quen se lucra coa vivenda. **Notaches a suba nas cotas nos últimos anos?**

## DEFENDER A VIVENDA É DEFENDER A NOSA ESTABILIDADE E O FUTURO DAS NOSAS FILLAS E FILLOS

Aínda que creamos ter unha situación estable, unha hipoteca é unha débeda a trinta anos: un despedimento, unha enfermidade ou unha separación colócanos en situación de risco a todas. Ademais, a crise destrúe os barrios e ameaza o futuro das nosas